



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Asunto: Requirimento documentación expte. Autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais.

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

En data 30 de 2015, aprobouse o expediente para a autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais. Asemade, aprobáronse na mesma data os pregos de condicións técnicas e de condicións do outorgamento da concesión e dispúxose a publicación de anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Logo da publicación do correspondente anuncio, o prazo de presentación de solicitudes rematou o día 3 de xuño de 2015, e examinada a documentación da solicitude recibida, observouse que nesta non consta a xustificación da solvencia técnica, para a que se establece que como mínimo **deberá ter realizada a actividade de cars pedais durante un periodo de 30 días**. Este requisito, como todos os demais esixidos no prego de condicións deben de se cumprir no momento de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Segundo o prego de condicións que rexen esta autorización (cláusula 7), de observarensen defectos ou omisións emendables na documentación que se achega, dítarase Resolución concedéndolles un prazo de 5 días hábiles para a súa emenda ou achega. Este prazo comezará a contar desde o anuncio na páxina web do Concello.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Requirir a dona Inés Méndez Duarte, para que nun prazo de **5 días hábiles desde a publicación do requirimento na páxina web do Concello**, achegue a acreditación do requisito de solvencia técnica establecido nos pregos de condicións que rexen a autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais. En concreto, a acreditación de ter realizado a actividade de cars a pedais durante un periodo de 30 días antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo.- Publicar anuncio deste requirimento na páxina web do Concello, e conforme ao establecido no prego de condicións, comunicarllo a dona Inés Méndez Duarte telefónicamente.

Pontevedra, 4 de xuño de 2015
A Concelleira de Protección Cidadá,
Servizos e Festas

Maria Carme da Silva Méndez

Dou fe, o Secretario da Admón. Municipal



José Carlos Castiñeira Piñeiro